

As publicacións da Universidade de Vigo en acceso aberto

O acceso aberto ás publicacións (Open Access) é un dos elementos constitutivos da Ciencia Aberta, xunto cos datos científicos en aberto (Open Data) e outros elementos menos coñecidos como a Open peer review ou a Ciencia cidadá. As publicacións en acceso aberto contribúen a eliminar as barreiras económicas, legais e técnicas que tradicionalmente dificultan o acceso á literatura científica. A Biblioteca Universitaria elaborou un estudo sobre a evolución das publicacións da Universidade de Vigo en

acceso aberto nos últimos dez anos. Ofrecemos neste boletín un resumo dese estudo, que se pode consultar completo desde a guía [Informes e estudos bibliométricos](#).

Todos os datos incluídos neste boletín proceden de Web of Science (WOS) e refírense ás publicacións da Universidade de Vigo entre 2011 e 2020.

4849 Documentos da Universidade de Vigo dos anos 2011 a 2020 dispoñibles en acceso aberto.

33,69 % dos documentos da Universidade de Vigo están dispoñibles en acceso aberto.


Revistas nas que máis artigos en acceso aberto publicou a Universidade de Vigo.

- 125** Plos One
- 76** Scientific reports
- 63** Sustainability


Ámbitos temáticos nos que a Universidade de Vigo publicou unha porcentaxe máis elevada de documentos en acceso aberto.

- 44,35 %** Ciencias da terra
- 44,21 %** Economía e estatística
- 43,08 %** Física

Evolución do número de publicacións da Universidade de Vigo indexadas en WOS, distinguindo as que están en acceso aberto das que non están, e evolución da porcentaxe de publicacións en acceso aberto




Evolución das publicacións da Universidade de Vigo en acceso aberto nas editoriais coas que ten descontos e acordos transformativos para o pago por publicacións



Media de citas recibidas polos documentos publicados cada ano pola Universidade de Vigo, e CNCI medio dos documentos publicados cada ano, distinguindo entre os documentos que están e non están en acceso aberto.

O CNCI é un indicador de impacto normalizado por ámbito temático, ano de publicación e tipo de documento. A media mundial sitúase no 1. Cando o CNCI dun documento supera o 1, indica que obtivo máis citas que a media mundial no seu ámbito.



Publicar en aberto

Existen dúas vías complementarias para poñer as publicacións en acceso aberto: depositar os traballos nun repositorio, isto é, un arquivo onde se almacenan as copias dixitais, e publicar en revistas de acceso aberto ou híbridas (revistas de suscripción con opción de acceso aberto).

A Universidade de Vigo conta cun repositorio institucional, [Investigo](#), no que o persoal docente e investigador da universidade pode depositar os seus traballos publicados. Isto facilita a apertura desas publicacións, dá visibilidade á investigación e garante a súa preservación a longo prazo

Ademais, ten acordos con aglunhas editoriais para obter descontos nas

tarifas de publicación de artigos en revistas de acceso aberto e híbridas (Gold OA e Hybrid OA).

Os membros da Universidade de Vigo que desexen publicar en acceso aberto (OA) poden acollerse a estes descontos, cuxa contía é variable dependendo da editorial da que se trate e nalgúns casos chegan a cubrir o 100% das taxas de publicación (APC).

A Biblioteca Universitaria ofrece un servizo de asesoramento e información sobre o procedemento que deben seguir para publicar en aberto nestas editoriais.

As consultas pódense realizar por correo electrónico a accesoaberto.biblioteca@uvigo.gal

Máis información na guía [Descontos para publicar en acceso aberto](#)